



## RESUMO DE COBERTURAS PROPOSTA DE RESPONSABILIDADE CIVIL PARA OS CLUBS DA FEDERACION GALEGA DE BALONCESTO

A continuación procedemos a expoñerlles o resumo dos límites e coberturas da Proposta de Responsabilidade Civil recabadas:

- LÍMITES

### RC Explotación

Límite máximo por sinistro	1.000.000 €
Límite máximo por ano	3.000.000 €
Sublímite por vítima	350.000 €
Franquicia xeral	200 €

### RC Accidentes de Trabajo

Límite máximo por sinistro	1.000.000 €
Límite máximo por ano	3.000.000 €
Sublímite por vítima	350.000 €

### RC Locativa

Límite máximo por sinistro	300.000 €
Límite máximo por ano	300.000 €
Franquicia xeral	200 €

### Defensa Xurídica e Fianzas

Contratada

### Límite agregado anual por todas as coberturas

**Total Asegurado** 3.000.000 €

- COBERTURAS

A través da póliza garantízase ao Asegurado, dentro dos límites da lei e de acordo coas definicións, límites e condicións do contrato, o pago das indemnizacións pecuniarias das que o mesmo poidera resultar civilmente responsable por danos persoais, ocasionados a terceiros, por feitos derivados da súa actividade como:

a) **Responsabilidade Civil dos clubs adscritos á oferta.**

b) **Responsabilidade Civil dos membros do club.**



FEDERACIÓN GALEGA  
DE BALONCESTO

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

c) **Responsabilidade Civil derivada da práctica deportiva. Actividade Deportiva:**

O exercicio da práctica deportiva contemplada nos Estatutos do Club, incluíndo a modalidade de competición, adestramentos, demostracións e cursos de formación.

d) **Responsabilidade Civil pola organización de Eventos:**

A organización dos actos habituais previstos nos estatutos do club ASEGURADO o daqueles outros resultantes do cumprimento dos fins propios do citado club como reunións dos seus membros, excursións, visitas ou viaxes de esparcemento para os socios, así como para os seus familiares e convidados, incluíndo a actuación do personal que participa na organización delegada polo organizador, así como das persoas encargadas do servizo de orde, e incluíndo probas e outros actos preparatorios. A título enunciativo pero non limitativo inclúese a colocación de pancartas, aparatos de megafonía e iluminación, o suministro ou consumo de alimentos, máquinas recreativas, mesas de xogo, billares etc, que se encontren instalados nos locais do ASEGURADO, servizos de vixilancia por medio de persoas, dispositivos eléctricos e electrónicos.

e) **Condición de Terceiros entre si:**

Os socios deportistas, delegados e técnicos, terán a condición de terceiros entre si quedando amparadas por tanto as RECLAMACIÓNS por danos personais caudados entre ditos membros do propio club. Non obstante quedan expresamente excluídas:

- As reclamacións por meras lesións sufridas polos deportistas pola práctica deportiva sin que medie culpa ou negligencia do Tomador.
- Danos materiais que os Asegurados se ocasionen entre si.

- ASPECTOS ECONÓMICOS DA PROPOSTA

Establécese unha prima neta por club de 150 €, para un mínimo de 50 clubs.

Para poder garantir uns precios competitivos, a Aseguradora BERKLEY, precisa asegurar un número mínimo de clubs.